

ACTA DA SESIÓN DE CUALIFICACIÓN DOS TRABALLOS PRESENTADOS AO **VI CONCURSO DE INICIATIVAS UNIVERSITARIAS “POR UNHA MOBILIDADE SEGURA”** E SELECCIÓN DOS PREMIADOS

Reunidos na Secretaría Xeral de Universidades o día 1 de decembro de 2011, ás 11:30h, e os membros do Xurado cualificador

D. José Alberto Díez de Castro, Secretario Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Xunta de Galicia

D. José Manuel Pan López, xornalista de La Voz de Galicia

D^a Jeanne Picard Mahaut, Vicepresidenta de Stop Accidentes

D^a M^a Mercedes Pintos Barral, Adxunta ao Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, que actuou como Presidenta do Xurado cualificador

D^a Paula Yubero Plaza, Subxefa Provincial de Tráfico de Lugo

Unha vez analizados os traballos que optan aos premios, en particular a súa orixinalidade, creatividade e posibilidade de realización, toman por unanimidade os seguintes acordos

Outorgar:

1º Premio “*Pasos de peatones más seguros*” de Carmen Álvarez Dopico, Máster en Innovación, orientación e avaliación educativa, Universidade da Coruña, polas súas propostas de actuacións nos pasos de peóns nas cidades, sinxelas e doadas de levar á práctica cun custo económico moderado.

2º Premio “*Caja itinerante Stopaccidentes*” de Camilo Blanco Pampín, Escola Técnica Superior de Arquitectura, Universidade da Coruña, polo seu carácter de concienciación do estudantado universitario a través dunha proposta de campaña de sensibilización doada de implementar.

3º Premio “*La educación en valores a través de la educación vial*” de Patricia Sierra Domínguez e outros, Máster para o Profesorado de Educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas, Universidade de Vigo, pola súa proposta de educación en valores a través da educación viaria para o alumnado de ESO e Bacharelato.

En Santiago de Compostela, a 1 de decembro de 2011.

O Xurado cualificador,

J. A. Díez de Castro

J.M. Pan López

J. Picard Mahaut

P. Yubero Plaza

M^a M. Pintos Barral